
Asociación Pedagógica e Cultural Gamelán

Programa
Adagio
de Formación Permanente do Profesorado

2009

Programa
Adagio
de Formación Permanente do Profesorado

A Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán recupera un dos seus eidos de intervención e pon en funcionamento a finais de 2008 o programa “Adagio” de Formación Permanente do Profesorado.

Natureza do programa

A Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán pon en funcionamento un programa para crear un espazo de formación permanente do profesorado en tres eidos de programación: recursos do profesorado, actualización docente e innovación educativa.

A motivación para a creación deste espazo ven dada polos cambios sociais actuais que están a presentar un grupo de estudantes moi distinto ó que os profesores estiveron acostumados ata o de agora e que requiren unha nova forma de encarar o ensino.

Froito destes cambios, apareceron un número crecente de estudantes con problemas de atención, con hiperactividade e con pouca valoración sobre o esforzo persoal. Esta é a realidade para moitos profesores que requiren de espazos para a comprensión deste efecto social, espazos para a comunicación e o diálogo con outros profesores e espazos de formación permanente.

O obxectivo inicial deste espazo de formación permanente é conseguir que o profesorado entenda e interveña na súa realidade educativa, ofrecéndolle recursos didácticos, actualizando as súas competencias profesionais e presentando innovacións no eido educativo.

Nun primeiro momento, só se contemplan cursos específicos de formación teórica e práctica. Nun momento posterior, o programa pretende desenvolver cursos de maior intensidade, enfocarse en problemas concretos como a “conflictividade na aula” e formar grupos de investigación, seminarios e outras actividades formativas co fin de que os profesores teñan constancia e capacidade de intervención na súas realidades educativas.

Destinatarios

Os destinatarios deste programa son profesores de educación, funcionarios docentes, interinos e educadores con capacidade de entrar na educación regrada, establecendo nun segundo momento un espazo específico para estudantes de carreiras afíns a educación e a pedagogía.



Obxectivos

Obxectivo xeral

Tendo como finalidade a formación permanente do profesorado, o obxectivo xeral do programa “Adagio” son:

- Conectar ó profesorado coa realidade educativa do momento.
- Facilitarlle a adquisición e desenvolvemento das súas competencias docentes.

Obxectivos específicos

Como obxectivos específicos, o programa establece:

- Facilitalle recursos didácticos ó profesorado.
- Atender á actualización docente.
- Presentar e promover proxectos e experiencias de innovación educativa.

Organización do programa

Nun primeiro momento, a Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán desenvolve este programa a través dun coordinador técnico de formación da asociación e a supervisión da Xunta Directiva da súa labor. Co tempo a idea será establecer un departamento de formación permanente encargado da planificación e a xestión dos cursos e un órgano consultivo formado por profesores para coñecer os problemas reais da educación.

Esta organización máis específica dependerá da viabilidade do programa de formación permanente e a súa acollida entre o profesorado.

Os tres eidos nos que se traballará a planificación e xestión de cursos serán:

- Recursos do profesorado.
- Actualización docente.
- Innovación educativa.

Presentación a modo de exemplo de cursos ou temáticas a desenvolver

- Recursos do profesorado: aplicación didáctica na aula.
 - Habilidades de comunicación e resolución de problemas na aula
 - Ferramentas para a educación: o xogo, técnicas de grupo, a lectura, o vídeo, a radio, os medios de comunicación
 - Ensinando linguas: galego, castelán, inglés, francés
 - A formación artística: expresión dramática, música, folk
 - As novas tecnoloxías
- Actualización docente: os problemas actuais a debate
 - O abandono escolar
 - Educación e integración
 - Necesidades educativas especiais
 - Conflictividade nas aulas
 - Educar para a diversidade
 - A igualdade
- Innovación educativa.
 - Experiencias docentes

Metodoloxía do programa

Namentres non sexa posible ir máis aló, o programa “Adagio” de formación permanente do profesorado centrarase na planificación de cursos específicos de formación teórica e práctica, contando con profesionais do eido da educación ou doutros eidos que podan favorecer as competencias e as experiencias docentes.

Os obxectivos e os contidos dos cursos estarán enfocados cara os programas docentes da Xunta de Galicia para a educación infantil, a educación primaria, a educación secundaria e a formación profesional. Ademais, promoverase dende a asociación a homologación dos cursos por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, de xeito que supoñan un recoñecemento de formación para o profesorado.

A metodoloxía dos cursos contemplará un estudo da necesidade dos cursos ofertados, una presentación da asociación pedagóxica e cultural Gamelán, una presentación do programa “Adagio”, o desenvolvemento didáctico das sesións segundo os responsables da formación concreta de cada curso e a avaliación, tanto criterios como proceso, dos cursos impartidos.

Recursos do programa

Nun primeiro momento, a asociación pedagóxica e cultural Gamelán dispón dun local para reunións entre os responsables da formación, un coordinador técnico de formación para a elaboración e o desenvolvemento do programa e recursos didácticos de educación infantil, primaria e secundaria: biblioteca infantil, libros de texto, xogos, xoguetes, instrumentos musicais...

Para as accións concretas do programa requirirase do aluguer de aulas ou do establecemento dun convenio con centros de formación.

Por outra parte, establecerase una rede de formadores e materiais de interese como recursos deste programa.

E finalmente, a asociación pedagóxica e cultural Gamelán, a través da súa web www.gamelan.es establecerá recursos educativos para os profesores e nun momento posterior a capacidade de ofertar formación on-line.

Económicamente, o programa terá que autofinanciarse namentres a asociación non dispoña dunha xeración de ingresos constante e suficiente para o seu desenvolvemento, o que supón que terán que realizarse cursos cunha cuota de inscrición que permita o pagamento de alugueres, de material didáctico, da contratación do profesorado e da reinversión no propio programa para o seu desenvolvemento. Ademais tentarase atopar outro tipo de financiación como patrocinios ou convenios.

Avaliación do programa

A avaliación do programa realizarase cada catro meses en reunión cos responsables da asociación pedagóxica e cultural Gamelán, de xeito que se poda redirixir o rumbo do programa no caso de non atender ós obxectivos previstos. Os criterios de avaliación serán:

- A idoneidade dos cursos propostos en relación ás necesidades detectadas.
- A homologación dos cursos por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- A acollida dos cursos por parte dos profesores-usuarios.
- A avaliación dos cursos por parte dos profesores-usuarios.